

Xuño de 2013. ADEGA vén de coñecer os resultados das análises das **verteduras de refugallos industriais**
nos montes de Ferrolterra, dende Narón ás Somozas. Son milleiros de toneladas de "tecnosolos" vertidos sobre prados, mananciais e mesmo a carón de ríos, que amosan **altas cantidades de hidrocarburos e metais pesados**
, superando os máximos legais para a protección da saúde humana. Estes refugallos semellan provir de subprodutos industriais e lamas de depuradora e non se están a aplicar sobre chans degradados, senón sobre prados e montes con actividade agrícola e gandeira. Perante o grave

risco que para a saúde ambiental e cidadá
que poden supoñer estas prácticas, ADEGA trasladará os feitos á Fiscalía do TSXG para que investigue o que podería ser un
grave delicto ambiental
.
Álbum de PICASA

·Analises metais pesados e hidrocarburos .

Un pegañento cheiro a sumidoiro alcatrea en numerosos montes e prados nos arredores das Somozas, a capital dos refugallos industriais de Galiza. A fonte dos cheiros (e da posíbel contaminación) son os milleiros de toneladas de "tecnosolos" que teñen sido amoreados e espallados por toda a comarca, por veces a carón dos ríos, leiras e casas e mesmo sobre xacementos arqueolóxicos. Este é o panorama que ten que aturar dende hai meses a veciñanza que vive próxima a algunha das fincas "tratadas".

Niveis Xerais de Referenza (mg/Kg) 50 850 7 75 120 200

METAIS PESADOS

MOSTRA	Nº SAI	Cu mg/Kg	Mn mg/Kg	Mo mg/Kg	Ni mg/Kg	V mg/Kg	Zn mg/Kg
1	2013/14966	34,9	2954	2,7	47,6	125	214
	Desv. Tipica	0,2	27	0,1	1,6	3	1
2	2013/14967	60,7	1976	3,3	46,5	65	221
	Desv. Tipica	1,9	27	0,2	0,0	2	11
3	2013/14968	104	4287	9,3	143	456	340
	Desv. Tipica	1	119	0,6	9	16	1

Hidrocarburos Totais de Petróleo mg/g 0,05 mg/Kg 50

MOSTRA	SAI Mostra	mg/g	mg/Kg
1		0,30	300
2		1,41	1411
3		1,40	1400

Perante a inoperancia e a falta de resposta das administracións, ADEGA recibíu numerosas denuncias e queixas de veciños e veciñas que non se resignan a ter que convivir con este problema. E para coñecer *in situ* a súa dimensión e tomar mostras para coñecer a composición destes refugallos, desprazámonos á parroquia de Cargas, no concello das Somozas, veciña ao

polígono industrial no que se tratan a maioría dos refugallos industriais de Galiza. O panorama é dantesco: Centos de hectáreas de prados e montes aparecen cubertas cunha grosa capa de material cheirento, cuxo pó impregna a roupa e penetra nos pulmóns. Moreas de lamas depositadas en prados, sobre fontes, a carón de ríos e leiras nas que pasta o gando.



Á marxe de coñecer a composición destes materiais, "tecnosolos" ou solos artificiais elaborados a partir de residuos, resulta claro que o seu xeito de "aplicación" incumpre a regulamentación que lle é propia, a ITR/01/08 (DOG 18 do 25 de xaneiro de 2008). Nesta instrución técnica indícase que a súa aplicación está prohibida sobre prados, humidais, cabeceiras e marxes de ríos, captacións de auga... É loxico, por canto estes tecnosolos teñen como función rexenerar espazos degradados: Chans industriais, canteiras e minas e solos gravemente erosionados, entre outros. Porén, teñen sido aplicados indiscriminadamente sobre terras fértiles, enriba da erva, en vales de elevada pendente cabeceiras de regos e ríos, sobre mananciais e mesmo sobre xacementos arqueolóxicos... Un vertido en toda regra, camuflado como enmenda orgánica, e que potencialmente pode ser unha grave fonte de comtaminación ambiental e risco sanitario.

As análises confirman o potencial contaminante destes materiais: **Altos níveis de metais pesados** (Cu, Mn, Mo, Ni, V, e Zn), superando os límites legais (Decreto 60/2009 de solos contaminados, Anexo II) para a protección da saúde humana; e cantidades totais de **hidrocarburos** que multiplican por máis de 25 (R.D. 9/2005, Anexo IV) os máximos permitidos, e que obrigarían a realizar unha a valoración de riscos.

